

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000002.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 22 de xaneiro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 26 DE DECEMBRO DE 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

INTERVENCIÓN

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO ORZAMENTO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA O EXERCICIO 2025 E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓNS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO (EXP. REF. 2023/C003/000029). 1ª PRORROGA.

4. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RRII PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5892093104872932450.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-1-2025

RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DO CONTROLADOR DE PRIMEIRO NIVEL DO PROXECTO SOCILIBRE (CP: 242410002) EXP 2025/C003/00002

FOMENTO

5. CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A., E O CONCELLO DE LUGO PARA O OUTORGAMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA SOBRE O EDIFICIO DA CENTRAL HIDROELÉCTRICA FÁBRICA DA LUZ.

PERSOAL

6. NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE ENCARGADO DE MERCADOS (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C (SUBGRUPO C2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVIZOS ESPECIAIS).

7. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE OPERARIOS/AS DE XARDÍNS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2024)

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

EDUCACIÓN

8. VALIDACIÓN DO GASTO RELATIVO AO PAGAMENTO Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA DA TAXA POLA AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS RELATIVAS AO PROXECTO DE ADECUACIÓN DA ESCOLA INFANTIL SERRA DE OUTES. PROCEDEMENTO BS103K

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA VECIÑANZA

MERCADOS

9. RELACIÓN DE PERSOAS VENDEDORAS DO MERCADO TRADICIONAL 2025.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,